

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 9 DE SETEMBRO DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D.ª Yessica Méndez Sánchez

NON ASISTE:

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle

INTERVENTOR ACCIDENTAL:

D.ª Roberto Babío Fernández

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do día nove de setembro do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Carlos Liñares Gestal e D.ª Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro D. Juan Carlos Iglesias Lovelle.

Asiste á sesión o Sr. interventor accidental, D. Roberto Babío Fernández.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 2 DE SETEMBRO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dous de setembro de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por cinco votos a favor dos/as Sres./as concelleiros/as Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Liñares Gestal e Méndez Sánchez) e coa abstención do Sr. alcalde, Rioboo Castro, e da Sra. concelleira Iglesias Becerra, os cales manifestan que se absteñen por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 2 de setembro de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Resolución do 22 de agosto de 2019, da Consellería de Política Social -Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, pola que se publican os requirimentos de emenda da documentación das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 24 de xuño de 2019 pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código de procedemento BS320A). DOG núm. 166 do 03-09-2019.

- Anuncio do 12 de agosto de 2019, do Concello de Culleredo, polo que se fai pública a comunicación de xestión de biomasa a propietarios aos que non foi posible a práctica da comunicación. (Expediente: UME/2018/49, Propietario: M.R.C., e máis). DOG núm. 167 do 04-09-2019.
- Resolución do 30 de agosto de 2019, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos descentralizados de primeira intervención policial en violencia de xénero para o persoal dos corpos da policía local dos concellos de Galicia e o seu persoal que realice funcións relacionadas cos contidos dos cursos. DOG núm. 169 do 06-09-2019.
- Resolución do 16 de agosto de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria -Xefatura Territorial da Coruña-, pola que se concede a autorización administrativa previa, de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Culleredo (expediente IN407A 2019/79-1). DOG núm. 169 do 06-09-2019.
- Anuncio do 2 de setembro de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación definitiva da modificación do catro de persoal eventual que forma parte do orzamento xeral para o exercicio económico de 2019. BOP núm. 169 do 06-09-2019.
- Resolución do 30 de agosto de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria -Xefatura Territorial da Coruña -Servizo de Enerxía e Minas-, pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Culleredo (expediente: IN407A 2018/160-1). BOP núm. 169 do 06-09-2019.
- Anuncio do 3 de setembro de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á convocatoria do proceso selectivo para a provisión, con carácter de urxencia, polo sistema de concurso-oposición, dos postos de traballo de mestras/es (persoal laboral temporal) necesarios para impartir os módulos formativos da especialidade da programación AFD, exercicio 2019 e 2020. BOP núm. 170 do 09-09-2019.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. secretaria da lectura ao escrito do Sr. Iglesias Lovelle, que transcrito di:

“DACIÓN DE CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, CULTURA, FESTAS E TURISMO.

O concelleiro de Desenvolvemento local, Cultura, Festas e Turismo dá conta á Xunta de Goberno do día 9 de setembro de 2019 da realización das seguintes actividades:

ACTIVIDADES CULTURAIS

LUNS 9 DE SETEMBRO

Biblioteca González Garcés do Burgo. 12.00 h:
Contaconto *Sen barreiras*, a cargo de Charo Pita.
Nenos/as a partir de 4 anos. Entrada libre.

MARTES 10 DE SETEMBRO

Biblioteca González Garcés do Burgo. 12.00 h:
A pirata escaflata, a cargo de Marisa Irimia.
Nenos/as a partir de 4 anos. Entrada libre.

VENRES 13 DE SETEMBRO

Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:
Compañía Elefante Elegante: *Patapatum*.
Entrada de balde. Recollida de invitacións dende unha hora antes da función.

SÁBADO 14 DE SETEMBRO

Paseo marítimo do Burgo, na zona de herba.

FESTIVAL FOLCLÓRICO DE CATALMIBRE TRADICIONAL

-12.30 h: Festival dos Cativos:

Actuacións de "Terra de Sena" (Cee), "Garrulaxe" (Cecebre), "A Marola" (Mera), "Alfaia" (Salgado Torres, A Coruña) e "A. Folclórica de Guardo" (Guardo, Palencia).

-18.30 h: Festival de Maiores:

Actuacións de "Grupo Ribas de Sil" (Páramo de Sil, León), "A Marola" (Mera), "A. Folclórica de Guardo" (Guardo, Palencia) e "Catalmibre Tradicional" (Culleredo).

-Foliada a partires das 20.00 h.

Degustación de produtos galegos."

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H